

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
3.4. Pola participación en cursos de formación sobre dirección e organización de centros en proxectos de innovación educativa e de calidade.	Ata 2 puntos	Certificado deles.
4. Proxecto específico. Polo proxecto específico coa proposta directiva en relación coa liña do proxecto educativo do centro.	Ata 10 puntos	

CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCIERA E CONTABLE

Corrección de erros.-Resolución do 21 de abril de 2005 pola que se convocan probas selectivas para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo de analistas programadores deste organismo, polo sistema de acceso libre.

Advertido erro na devandita resolución, publicada no DOG nº 100, do xoves 26 de maio de 2005, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 9.123, punto 5, apartado 5.1.1 letra a), onde di: «Servizos prestados no CIXTEC, ou no CPD da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia na categoría de analista programador: 0,15 puntos por mes; na categoría de programador: 0,10 puntos por mes; e na categoría de operador: 0,07 puntos por mes», debe dicir: «Servizos prestados no CIXTEC, ou no CPD da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia na categoría de licenciado en informática (antigo técnico de sistemas): 0,17 puntos por mes; na categoría de analista programador: 0,15 puntos por mes; na categoría de programador: 0,10 puntos por mes; e na categoría de operador: 0,07 puntos por mes».

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 9 de xuño de 2005 pola que se corrixe erro advertido na do 19 de maio de 2005 pola que se convocaban probas selectivas para cubrir prazas de auxiliar técnico informático, pola quenda de promoción interna e pola quenda de acceso libre.

Advertido erro na Resolución do 19 de maio de 2005 publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 110, do xoves, 9 de xuño de 2005, cómpre facer as seguintes modificacións:

Na base 3.1 da citada resolución, onde di: «no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, debe dicir: «no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*».

Substituír á base 4 da devandita resolución pola seguinte:

4.1 Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Nesta resolución, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, indicarse o lugar en que se atopa exposta ao público a lista completa de aspirantes admitidos e excluídos, na cal constará o nome e apelidos dos excluídos, o número de DNI, así como as causas que motivaran a exclusión e o prazo para reparalas.

4.2 Os aspirantes excluídos ou que non figuren na relación de admitidos, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión.

4.3 Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

4.4 Na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, indicarse o día, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio. Esta resolución esgotará a vía administrativa, podendo interpoñer contra ela recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou recurso potestativo de reposición ante o reitor no prazo dun mes, de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2005.

Senén Barro Ameneiro

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Resolución do 9 de xuño de 2005 pola que se corrixe erro advertido na do 19 de maio de 2005 pola que se convocaban probas selectivas para cubrir prazas de oficial de servizos, pola quenda de promoción interna e pola quenda de acceso libre.

Advertido erro na Resolución do 19 de maio de 2005 publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 110, do xoves, 9 de xuño de 2005, cómpre facer as seguintes modificacións:

Na base 3.1 da citada resolución, onde di: «no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, debe dicir: «no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao

da publicación do anuncio desta convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Substituír a base 4 da devandita resolución pola seguinte:

4.1 Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Nesta resolución, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, indicarse o lugar no cal se atopa exposta ao público a lista completa de aspirantes admitidos e excluídos, na que constará o nome e apelidos dos excluídos, o número de DNI, así como as causas que motivaran a exclusión e o prazo para reparalas.

4.2 Os aspirantes excluídos ou que non figuren na relación de admitidos, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión.

4.3 Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

4.4 Na resolución que aprrobe a lista definitiva, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, indicarse o día, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio. Esta resolución esgotará a vía administrativa, podendo interpoñer contra ela recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou recurso potestativo de reposición diante do reitor no prazo dun mes, de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2005.

Senén Barro Ameneiro

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN SEGUNDA)

Edicto (4144/2005).

Por medio deste edicto faise saber que en providencia ditada o día da data, por esta Sección segunda, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tri-

bunal Superior de Xustiza de Galicia, acordouse admitir a trámite o recurso interposto pola procuradora Carolina Moreno Vázquez en nome e representación de Rosario Vide Balvis contra acordo do concello do 16-12-2004 que aproba inicialmente o PXOM, aprobado definitivamente pola COTOPV o 30-12-2004 e publicado no BOP de Ourense o 7-2-2005.

Recurso número: procedemento ordinario 0004144/2005.

A publicación deste anuncio serviralles de empra-zamento ás persoas que non séndoo persoalmente teñan un dereito ou interese lexítimo no citado recurso, podendo comparecer en legal forma no prazo de nove días. Se o fixesen con posterioridade, teráselles por parte nos trámites non precluídos.

A Coruña, tres de maio de dous mil cinco.

Inmaculada Pérez Arrojo
Secretaria

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO TRES DE CAMBADOS

Edicto (375/2004).

Montserrat Delgado Pérez, xuíza de Primeira Instancia e Instrución número tres de Cambados, fago saber que neste xulgado e co nº 375/2004 se segue por instancia de Carmen Barreiro Torres expediente para a declaración de falecemento do seu esposo, Antonio Domínguez Baúlo, natural de Cambados, veciño de Cambados, que se ausentou do seu último domicilio en rúa O Rego, nº 24, Cambados, non se tendo noticias súas desde o 2 de xuño de 2004 no naufraxio do barco de pesca denominado O Bahía, no cal traballaba como mecánico, ignorándose o seu paradiro. O que se fai público para que os que teñan noticias da súa existencia poidan poñelas en coñecemento do xulgado e ser oídos.

Dado en Cambados o dez de maio de dous mil cinco.

A xuíza
Rubricado

O secretario
Rubricado

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO TRES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Edicto (55/2003).

Nos autos de xuízo ordinario número 55/2003 deste Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número tres de Santiago de Compostela, seguidos por instancia de *Ángel Brey, S.A.* fronte a Alberto Fernández